

CEIP LAGOSTELLE –GUITIRIZ- TFNO :: 982-870-356

CIRCULAR Nº 10 – FONDO SOLIDARIO . AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR.

1º.- **Normativa : Orde do 9 de maio de 2018** (DOG 21 de maio)

Prazo de presentación de solicitudes: ata o 22 de xuño de 2018.

2º.-**Quen ten dereito a participar e solicitar?**

- O alumnado de 1º e 2º de Primaria téñ dereito a percibir axudas para a adquisición de libros novos. As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 5.400 euros recibirán una axuda de 170 euros. As familias con renda per cápita superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros recibirán 90 euros . Os que excedan de 9.000 euros non percibirán axuda.
- O alumnado de 3º,4º,5º e 6º de Primaria poderán solicitar libros do fondo solidario. Os libros asignaranse por orde inversa á cuantía da renda per cápita . Unha vez esgotados os libros do fondo farase una asignación complementaria e garantirase a atribución de libros da seguinte maneira :

1.- Ao alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5.400 euros = seis libros de texto.

2.-Ao alumnado con renda per cápita superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros ===== catro libros de texto.

3.- Os que excedan de 9.000 euros non teñen dereito.

- Axudas para material escolar.- Tódolos alumnos-as de Primaria que teñan una **renda per cápita igual ou inferior a 5.400 euros percibirán una axuda de 50 euros . Os que excedan de 5.400 euros non teñen dereito.**

3º.- Devolución dos libros de texto prestados. O alumnado que recibiu libros do fondo téñ a obriga de devolvelos en perfecto estado , sen tachaduras nin enmendas. En caso contrario non terá dereito a percibir libros. **ISTO OCORRE CO ALUMNADO DE 3º,4º,5º E 6º DE PRIMARIA** xa que os-as alumnos-as de 1º e 2º non teñen obriga de devolver libros porque non proceden do fondo solidario.

4º.- Período para devolver os libros.- Os libros que foron prestados **deben devolverse durante o día 19 de xuño.** Entregar aos-ás titores-as que os pasarán á XEFATURA DE ESTUDOS.

5º.- Período para solicitar.- **O pai, a nai , ou titores legais son quen solicitan , non os alumnos.** Por iso debe figurar o **DNI do solicitante (pai, nai ou titor-a legal)**. As solicitudes poden presentarse **ata o día 22 de xuño , inclusive . As solicitudes deben estar asinadas polo pai, a nai e ou cónxuxe** ou parella de feito.

6º.- Solicitudes.- Na mesma solicitude inclúense tódolos alumnos da mesma familia que teñan dereito a calquera das axudas do programa.. **SÓ SE CUMPRIMENTA UNHA SOLICITUDE ANQUE HAXA VARIOS FILLOS-AS.**

7º.- Vales para 1º e 2º .- **Os vales para o alumnado de 1º e 2º de Primaria , salvo que se avise do contrario, serán entregados polo director o día 6 de xullo , desde as 10 ata as 13,30 horas.** Posteriormente estes vales levaranse á librería. **O mesmo día 6 de xullo entregaranse os vales de 50 euros de axudas para material.**

8º.- Publicación de listaxes de libros concedidos e denegados do fondo solidario . Salvo que se diga o contrario a publicación da listaxe de libros concedidos realizarase **antes do 10 de xullo no taboleiro** de anuncios que hai na entrada do colexio. Máis adiante anunciarase o día concreto.

9º.- Os modelos de solicitudes .- O centro , anexo a esta circular, aporta un modelo de solicitude oficial. Pero tamén pode conseguirse no seguinte enderezo do portal educativo <http://www.edu.xunta.es> Así mesmo pódense solicitar nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura e Educación ou na sede electrónica da Xunta de Galicia. Pódese cubrir manualmente ou on line.A solicitude tamén se pode presentar por vía electrónica. **Presentarase o ANEXO I máis o ANEXO II EN DIRECCIÓN.**

10º.- Renda per cápita .- Para os efectos destas solicitudes a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercico fiscal de 2016** entre o número de membros computables. Cando se presentase declaración sobre o imposto das persoas físicas no exercicio fiscal de 2016, o cálculo da renda per cápita calcularase sumando a casilla 392 + casilla 405 e o resultado dividilo entre o nº de membros da unidade familiar

11º.- Cando se publique a listaxe de libros concedidos ou denegados informarase dos libros que deben adquirir os alumnos por conta propia.

12º .- Documentación que hai que aportar .- Os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación , e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2016. Será preciso :

** Copia do libro de familia onde figuren tódolos membros computables. As copias deben ser cotexadas.

** Noutros casos haberá que presentar sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador e , noutros casos, certificado ou volante de convivencia.

** Certificado do grao de discapacidade, se fose o caso.

** Documentación xustificativa de violencia de xénero, se fose o caso.

O resto dos datos serán consultados automaticamente pola Administración .

13º.- Aportación voluntaria.- Se algunha familia tén libros de sobra que sexan válidos para utilizar poden entregalos tamén , detalle que agradecemos.

14º.- O alumnado de 6º de Primaria tén que entregar a solicitude no Instituto.

Reciban un cordial saúdo.

O EQUIPO DIRECTIVO